



ANEXO I:

DIRECTRICES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO CONCELLO DA CORUÑA

1ª. QUE SON OS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS?

Os Orzamentos Participativos son unha ferramenta para que os veciños e as veciñas da Coruña decidan libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do seu Concello.

A estes efectos, abrírase un proceso participativo que se leva a cabo por segunda vez na cidade no que a veciñanza da Coruña poderá tomar decisións sobre o destino dunha parte do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2018 destinado a investimentos (Capítulo VI do Orzamento), que alcanzará a cifra máxima de 3 millóns de euros (1 millón de euros para as propostas de cidade e 2 millóns de euros que se distribuirán equitativamente, 200.000 mil € por distrito, entre as propostas para os dez distritos, que se detallan no mapa que se achega como Anexo II ao informe precedente). Neste programa recolleranse e votaranse propostas de investimento para implementar dentro do orzamento de 2018.

2ª. CALES SON OS REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR?

Poderán participar neste proceso as persoas empadroadas na Coruña maiores de dezaseis (16) anos.

3ª. CÓMO PARTICIPAR?

A participación será necesariamente a través de Internet, da plataforma de participación web habilitada especificamente para este proceso, a través da conta persoal da que deberán dispoñer as persoas interesadas.

Para dispoñer dunha conta, cada persoa interesada deberá facilitar os seguintes datos, que deberán ser cumprimentados no formulario que estará dispoñible na páxina web:

- nome e apelidos
- data de nacemento
- número de DNI
- código postal
- enderezo de correo electrónico

Unha vez introducidos os datos na web, a persoa usuaria recibirá un enlace que lle permitirá validar a conta persoal.

As persoas que non teñan acceso a internet, teñan dificultades de manexo das novas tecnoloxías, ou prefiran facelo con apoio persoal directo, poden acudir a calquera das oito Bibliotecas Municipais da Coruña ou ao CMIX, onde se lles prestará todo o apoio necesario para garantir a súa participación. Así mesmo prestarán este apoio a Federación de Asociacións de Vecinos e a Universidade Senior (que prestará apoio aos seus alumnos). Ademais o haberá un microbús para utilizar como punto itinerante informativo e de apoio á participación.

4ª. QUE PROPOSTAS SE PODEN FACER E QUE PROPOSTAS NON SE PODEN FACER?

As propostas poden recaer sobre educación, coñecemento, culturas, deportes, promoción social, igualdade, diversidade, innovación democrática, participación, mobilidade, tráfico e transporte, infraestruturas, medio ambiente, coidados e servizos sociais, turismo, emprego, economía social, promoción económica, saúde e consumo, seguridade cidadá.



As propostas poden resultar inadmitidas se concorren as circunstancias que se describen a continuación:

- **Custo excesivo:** Serán inadmitidas as propostas cun custo superior a 1 millón de euros no caso de propostas de cidade. No caso de propostas de distrito que superen o importe previsto para cada un dos 10 distritos (200.000€), reclasificaranse como propostas de cidade.
- **Obxecto inadecuado:** Serán inadmitidas as propostas que non sexan investimentos.

A estes efectos, os investimentos sobre os que se faga a proposta deben reunir as seguintes características:

- Que non sexan bens funxibles
- Que teñan unha duración superior ao exercicio orzamentario, 12 meses
- Que sexan susceptibles de inclusión en inventario, sendo este unha relación detallada, ordenada e valorada dos elementos que compoñen o patrimonio
- Que sexan gastos que previsiblemente non sexan reiterativos

Non se admitirán propostas, por non ser investimento senón gasto corrente, referidas a:

- Contratación de persoal
- Mantemento, conservación ou limpeza de parques, edificios, vehículos, mobiliario
- Contratación de empresas e autónomos para a realización de traballos e servizos
- Alugueiros de edificios, vehículos, mobiliario, maquinaria
- Subministracións: vestiario, combustibles, enerxía eléctrica, gas, alimentos etc.
- Servizos de limpeza e contratación de persoal para limpeza

Non se admitirán propostas, por non ser investimento senón subvención, referidas a:

- Subvencións e axudas a familias, institucións sen ánimo de lucro, fundacións, empresas privadas, etc.
- Concesión de bolsas, premios, asistencia benéfica, etc.

- **Falta de competencia:** Serán inadmitidas as propostas que recaian sobre cuestións que non sexan de competencia municipal. A estes efectos, non serán admisibles propostas sobre:
 - Construción de colexios, centros de saúde ou institutos
 - Infraestruturas de estradas de acceso á Coruña e ferrocarril
 - Investimentos en soares ou terreos non municipais
 - Comisarías

As propostas admitidas deberán someterse aos informes de legalidade e viabilidade técnica:

- Serán rexeitadas as propostas contrarias á normativa vixente, as contrarias aos intereses xerais e ao ben común, e as que podan afectar a materias que deban ser ou estean sendo obxecto dun procedemento parlamentario, xudicial ou administrativo que non corresponda ao Concello.
- Serán rexeitadas as propostas que sexan declaradas inviables tecnicamente.

5ª. CALES SON AS FASES DO PROCESO PARA A CIDADANÍA?

O procedemento para participar na articulación dos Orzamentos Participativos atópase dividido en catro fases:

A. Información e recollida das propostas.

A cidadanía é informada do inicio do proceso e as condicións de participación. A información ofrecerase a través da web municipal, a plataforma de orzamentos participativos, as redes sociais e todos os recursos off line de que dispón o Concello: Centros Cívicos, Bibliotecas,



CMIX, 010, etc. Así mesmo prestarán apoio e asesoramento a Federación de Asociacións de Vecinos e a Universidade Senior (aos seus alumnos). Ademais haberá un microbús que funcionará como punto itinerante informativo e de apoio á participación.

Durante esta primeira fase desenvolveranse varias reunións informativas con distintos colectivos intervinientes no proceso e abíranse espazos de debate co obxectivo de analizar os problemas da cidade e do barrio e pensar en posibles investimentos para solventalos. Estes espazos serán organizados polo Concello en varios puntos distribuídos na cidade e serán compatibles cos que, podan ser organizados a través das entidades veciñais, culturais e sociais, nas Bibliotecas Municipais, no CMIX, na Federación de Asociacións de Vecinos, na Universidade Senior, etc.

De maneira simultánea, ábrese o prazo de recollida de propostas durante o que as persoas veciñas maiores de 16 anos, empadroadas na Coruña, poden presentar as súas propostas de investimento para a cidade a través da plataforma www.aportaaberta.coruna.es contando co apoio e asesoramento de todas as entidades e recursos citados no párrafo anterior.

B. Apoio.

Neste prazo desenvólvese unha fase de priorización, para apoiar as propostas que a cidadanía prefira.

C. Avaliación.

As propostas priorizadas serán avaliadas polo Concello que, ademais de realizar un presuposto estimado do custo económico de cada iniciativa, confirmará tanto a súa viabilidade, como a posibilidade de ser incluída na partida do investimento do Orzamento de 2018. Rematado este período, publícanse todas as propostas, tanto as aprobadas como as rexeitadas, cos seus informes e valoracións correspondentes.

D. Votación final.

Todas as persoas empadroadas na Coruña e maiores de 16 anos poden participar nesta última fase de votación para obter o resultado do proceso: as propostas máis votadas se integrarán no proxecto inicial do Orzamento Xeral do Concello da Coruña de 2018.



ANEXO II

PROPOSTA INICIAL: OS DEZ DISTRITOS.

